

SENTENCIA

Na cidade de Pontevedra, a trinta e un de xaneiro de dous mil cinco.

A Ilma. Sra. D^a. MARIA ISABEL VELASCO CASAL, Maxistrada-Xuíz substituta do Xulgado do Social n° 1 de Pontevedra, viu os presentes autos n° 209/01, seguidos a instancia de D. JOSE ANDRES ZAPIRAIN FERNÁNDEZ, contra a UNIVERSIDADE DE VIGO, D. MANUEL MEJILDE MARTINEZ e 74 máis, sobre IMPUGNACIÓN RESOLUCION RECTORAL.

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º.- En 23.03.01 tivo entrada neste Xulgado demanda, ampliada en data 14.09.01, presentada pola parte actora na que, tras expoñer os feitos e fundamentos de dereito que estimou pertinentes, termina suplicando se dicte sentenza "*Por la que se declaren nulas y sin efecto las R.R. del 2-2-2001, por ser contrarias a Derecho. Subsidiariamente que se declaren nulas y sin efecto todas y/o cada una de las siguientes bases comunes a las tres R.R.: 1.a, 1.b, 3.A.1, 3.A.2 y 3.b. Subsidiariamente que se condene a las Demandas a subsanar los defectos de forma denunciados, corrigiendo las convocatorias y abriendo nuevo plazo para la presentación de solicitudes de participación en las mismas. Subsidiariamente que se me exima de cumplir los requisitos establecidos en la base primera de los concursos, permitiéndose mi participación y valorándose mi antigüedad y formación en igualdad de condiciones con el resto de aspirante*"...y "*se declare nula y sin efecto la R.R. del 13-6-2001*"..

2º.- Admitida e posta a trámite, sinalouse para xuízo o 22.11.01, con citación en forma legal das partes, comparecendo a parte demandante no seu propio nome, e pola parte demandada faino o Sr. Fresco -UNIVERSIDADE DE VIGO-, o Sr. Legisima, o Sr. Fernández e a Sra. Rivas, en nome e representación, respectivamente, do colectivo de codemandados que constan na acta do xuízo oral, non comparecendo os codemandados que, debidamente reseñados, figuran na mesma. Dada conta da demanda, pasouse ó acto do xuízo, no que as partes manifestaron o que tiveron por convinte en apoio das súas pretensións, e celebrado o mesmo en tódalas súas fases co resultado que se reflicte na acta, quedaron os autos conclusos e vistos para sentenza. Sentencia dictada en data 27.11.01 que, recorrida en Suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, foi revogada en virtude da Sentencia dictada en data 25.06.04 polo devandito Tribunal reponiendo as actuacións co fin de que por esta mesma Xulgadora se proceda a dictar sentenza en forma legal resolvendo tódalas restantes peticións plantexadas no proceso en torno á pretensión da demanda.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

quedando en consecuencia, a medio de Providencia de 10.01.05 e posterior Dilixencia de data 24.01.05, os autos vistos para Sentencia.

3º.- Na tramitación dos presentes autos observáronse tódolos requisitos e prescricións legais.

FEITOS PROBADOS:

1º. D. José Andrés Zapirain Fernández, maior de idade, con DNI nº 32.414.207, ven prestando servizos por conta da Universidade de Vigo, como persoal laboral temporal, dende o día 13.03.95, coa categoría profesional de Auxiliar de Servizos -Grupo V- e con destino na Escola Politécnica do Campus Universitario de Ourense.

2º. En data 25.02.00 foron convocadas probas selectivas para a cobertura de vacantes de persoal laboral fixo presentándose o Sr. Zapirain na quenda de minusválidos.

3º. En data 20.06.00, por Acordo da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, aprobouse unha Relación de Postos de Traballo (R.P.T.) na que se crean diferentes categorías e decláranse a extinguir outras, entre elas, a categoría de Auxiliares de Servizos -Grupo V-. No devandito Acordo se autoriza á Xerencia para dictar cantas normas e resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da R.P.T. 2000 (Folios 519 a 532).

4º. Por Resolución Rectoral da Universidade de Vigo de data 03.10.00, foi convocado un Curso de promoción á categoría de Técnicos Especialistas de Servizos Xerais, cuxo contido se dá íntegramente por reproducido (folios 538 a 540). Curso de promoción superado por tódolos aspirantes (Folio 322)

5º. Por Resolución Rectoral da Universidade de Vigo de data 09.10.00, foi convocado un Curso de promoción á categoría de Técnicos Especialista Biblioteca, cuxo contido se dá íntegramente por reproducido (folios 541 a 544). Curso de promoción superado por tódolos aspirantes a excepción da codemandada Sra. Casal Covelo (Folio 323).

6º. Por Resolución Rectoral da Universidade de Vigo de data 23.10.00, foi convocado un Curso de promoción á categoría de Auxiliares Técnicos de Servizos Xerais, cuxo contido se dá íntegramente por reproducido (folios 534 a 537). Curso de promoción superado por tódolos aspirantes (Folio 321).

7º. O día 27.11.00 é suscrito un Pacto para a execución da R.P.T. 2000, do persoal laboral da administración e Servizos da Universidade de Vigo, suscrito entre a Xerencia da Universidade de Vigo e o Comité Intercentros integrado polas Centrais Sindicais C.I.G., CC.OO. e U.X.T.. Pacto cuxo contido se dá íntegramente por reproducido (Folios 385 a 387).

8º. O día 05.12.00 foi publicada a lista dos opositores aprobados na Convocatoria de 25.02.00 figurando o Sr. Zapirain co número 13 dos 46 aprobados.

9º. O día 01.02.01, en sesión celebrada no Paraninfo da Universidade, procedeuse á elección de destinos dos opositores aprobados na Convocatoria de 25.02.00, sendo informados de que a súa incorporación tería lugar en data 01.03.01.

10º. O día 01.02.01 o actor renunciou ó contrato de interinidade que o vifía vinculando coa Universidade de Vigo e, na súa consecuencia, á condición de persoal laboral interino.

11º. Por tres Resolucións Rectorais da Universidade de Vigo, todas elas de data 02.02.01, convócanse, respectivamente, probas de acceso ás novas categorías de Técnico Especialista de Bibliotecas, Técnico Especialista de Serviciós Xerais e Auxiliares Técnicos de Serviciós Xerais, Resolucións cuxo contido se dá íntegramente por reproducido (Folios 362 a 367) e que, impugnadas polo Sr. Zapirain en data 13.02.01, foron ratificadas a medio de Resolución de data 14.03.01 da Universidade de Vigo.

12º. En data 02.03.01 o actor suscribiu contrato de traballo, como persoal laboral fixo, coa Universidade de Vigo, coa categoría profesional de Auxiliar de Serviciós -Grupo V- e con destino no Edificio Fundación da Universidade de Vigo.

13º. O Sr. Zapirain impugnou, na vía administrativa, un concurso-convocado a 09.03.01 por non respectar, ó seu entender, a cuota de minusválidos.

14º. Por tres Resolucións Rectorais da Universidade de Vigo de data 16.03.01 foron resoltos, respectivamente, os procesos selectivos de acceso, por promoción interna, ás categorías de Técnicos Especialistas de Bibliotecas, Técnicos Especialistas de Serviciós Xerais e Auxiliares Técnicos de Serviciós Xerais, figurando no Anexo das devanditas Resolucións os nomes dos candidatos que superaron o proceso selectivo e que son os 74 codemandados no presente procedemento, a excepción da Sra. Penedo Rodríguez contra a que non foi dirixida a presente reclamación e a Sra. Casal Covelo. (Folios 368 a 374).

15º. Por Resolución Rectoral de 20.03.01 acordouse establecer, con carácter excepcional e en virtude do Acordo adoptado pola Xerencia co Comité Intercentros, un sistema de valoración a través do que se avalíen os coñecementos, destrezas e aptitudes da codemandada Sra. Casal Covelo para a súa promoción á categoría de técnicos especialistas de biblioteca de obter unha avaliación favorable. Resolución Rectoral cuxo contido se dá íntegramente por reproducido (Folio 390).

16º. En data 21.03.01 o demandante presentou, perante a Universidade de Vigo, novo recurso contra as Resolucións Rectorais de data 02.02.01, sendo novamente rexeitadas por Resolución de 19.04.01 do devandito organismo.

17º. Por Resolución Rectoral de data 13.06.01 foi declarado que Dª. Adelaida Casal Covelo superou o proceso selectivo de acceso á categoría de Técnicos Especialistas de bibliotecas por promoción interna. Resolución cuxo contido se dá íntegramente por reproducido (Folio 393) que, impugnada polo Sr. Zapirain en data 16.07.01, foi ratificada por Resolución da Universidade de Vigo de data 31.08.01. (Folios 388 a 390).

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO. Os feitos declarados probados derívanse do admitido sen discusión polas partes litigantes e, no que houbo contradición, da proba practicada a instancia de cada unha, en concreto, da documental obrante nas actuacións, facendo uso esta xulgadora, en



MINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



MINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

canto á libre valoración da proba, das facultades concedidas polo artigo 97.2 da Lei de Procedemento Laboral.

A parte actora, a través do presente procedemento, solicita a declaración de nulidade das tres Resolucións Rectorais da Universidade de Vigo dictadas en data 02.02.01 en virtude das que, respectivamente, se convocan probas de acceso ás categorías de Técnico Especialista de Bibliotecas, Técnico Especialista de Servizos Xerais e Auxiliares Técnicos de Servizos Xerais por entender, a xuízo do demandante, que resultan contrarias a dereito. Subsidiariamente, solicita a nulidade das bases 1.a, 1.b, 3.A.1, 3.A.2 y 3.b, todas elas comúns nas devanditas Resolucións Rectorais impugnadas. Subsidiariamente solicita a condena da Universidade de Vigo á subsanación dos defectos de forma denunciados no escrito da demanda rectora coa inherente consecuencia de correxir os devanditos defectos e abrir un novo prazo de presentación de solicitudes de participación nas probas de acceso convocadas e, subsidiariamente a tódalas pretensións anteriores, solicita o actor se lle exima de cumprir os requisitos establecidos na base primeira dos concursos. Por último, solicita a declaración de nulidade da Resolución Rectoral da Universidade de Vigo dictada en data 13.06.01 por entender que a codemandada Sra. Casal Covelo incumpe os requisitos esixidos na base primeira da convocatoria de data 02.02.01. Basca a súa pretensión, en séntese, na vulneración dos artigos 15, 16 e 17 do III Convenio Colectivo de ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia do persoal laboral das universidades públicas de Galicia -DOGA 18.10.96- e demais normativa alegada no seu escrito de demanda e que se da integramente por reproducido. Frente á devandita pretensión, a Universidade de Vigo mostra a súa total disconformidade alegando que a convocatoria obxecto de impugnación non é máis que consecuencia e aplicación do Pacto asinado en data 27.11.00, do persoal laboral da administración e Servizos da Universidade de Vigo, suscrito entre a Xerencia da Universidade de Vigo e o Comité Intercantros integrado polas Centrais Sindicais C.I.G., C.C.OO. e U.X.T para a execución da R.P.T. 2000 aprobada pola Xunta de Goberno da Universidade de Vigo en data 20.06.00. Manifestando que non nos atopamos nin ante a presenza de probas de ingreso na Universidade, nin de selección ordinaria regulada na norma convencional cuxa vulneración é alegada polo demandante, senon que, pola súa contra, trátase dun procedemento de adaptación debidamente regrado para falcitar o paso das persoas que pertencían á categorías declaradas a extinguir a aquelas outras de nova creación, non existindo vacante ningunha que cubrir. En consecuencia, non resulta de aplicación nin o artigo 15, nin o 16, nin o 17 da normativa convencional. A maior abundamento, tampouco cabe falar de discriminación polo feito de que a convocatoria fora dirixida unicamente ó persoal laboral fixo e non ó temporal, dado que non é discriminatorio tratar de xeito distinto ós de distinta condición nin procede aplicar, tal e como erróneamente efectúa o actor, normativa reguladora do acceso á función pública cando se está a falar de persoal laboral e non funcionario. Pola súa banda, o colectivo de codemandados mostran a súa íntegra oposición á demanda rectora alegando, a demais das excepcións de falta de lexitimación activa do actor e falta de acción, excepcións rexecitadas pola Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 25.06.04 e que motivou a retroacción das actuacións, con carácter previo, a excepción de defecto legal no modo de proporner a demanda por exercitar pretensións inacumulables, excepción de inadecuación de procedemento por entender que o correcto sería o procedemento de impugnación de convenio colectivo e excepción de falta de esgotamento da vía previa administrativa dado o carácter xenérico con que foi interposta a reclamación previa na vía administrativa.

Pois ben, antes de entrar a valoralo fondo do asunto e co ánimo de dar íntegra resposta a tódalas cuestións suscitadas no acto do xuízo oral, compre valorar con carácter previo as excepcións procesuais alegadas, a saber:



MINISTERIO
DE JUSTICIA



MINISTERIO
DE JUSTICIA

1. Excepción de defecto legal no modo de propoñer-la demanda. Entende o colectivo de codemandados que a parte actora está a exercitar varias pretensións que, en virtude do disposto no artigo 27 da Lei de Procedemento Laboral, resultarían inacumulables. Tal excepción garda directa relación coa segunda das excepcións alegadas de inadecuación de procedemento ó entender a parte demandada que a acción correcta sería a de impugnación de convenio colectivo que, en atención ó anterior precepto legal, resultaría inacumulable a calquera outra acción exercitada. Pois ben, efectivamente o artigo 27.2 da Lei de Procedemento Laboral expresamente dispón que "...no podrán acumularse a otras en un mismo juicio... las acciones de... impugnación de convenios colectivos...", agora ben, entende esta xulgadora e á vista do suplico da demanda rectora pode alcanzarse tal conclusión, que o demandante non está a impugnar norma convencional ningunha senon, pola súa contra, o proceso selectivo polo que se convocan probas de acceso a determinadas categorías profesionais a través de tres Resolucións Rectorais da Universidade de Vigo por entender vulnerada, precisamente, a regulación contida nunha norma convencional sen impugnar esta directamente. Tal procedemento non é outro que o ordinario regulado nos artigos 80 e seguintes da Lei de Procedemento Laboral sen que poda observarse defecto ningún no xeito de propoñer-la demanda, salvo o defecto de falta de litisconsorcio pasivo necesario para cuxa subsanación xa foi requerido o actor en tempo e forma legais. Razóns que levan ó rexeitamento íntegro das dúas excepcións procesuais anteriormente referidas.

2. Falta de esgotamento da vía previa administrativa, por incongruencia entre a reclamación administrativa previa e o escrito de demanda. Aunque distintas Sentencias do Tribunal Constitucional - 60/89 e 120/93-, sosteñen que a reclamación previa é un substituto ou sucedáneo da conciliación previa ó xuízo, se se ten en conta que a Administración non pode transixir cedendo total ou parcialmente os seus dereitos a fin de evitar un pleito, ó estar sometida en toda a súa actuación ás leis e ó dereito, pode afirmarse que coa reclamación previa o que se pretende para as administracións e os demais beneficiarios dela é reforzar a súa posición xurídica dentro do proceso permitindo-as coñecer con antelación ás pretensións que logo se van facer valer fronte a elas nos tribunais, a fin de permitir a mellor defensa dos intereses que se lle atribúen e por outro, evitar o uso de mecanismos xurisdiccionais, xustificándose, en definitiva, en razón das especiais funcións e tarefas que a administración ten encomendada, razoamentos que, por analogía, deben entenderse aplicables á Universidade codemandada. Por outra parte, non pode esquecerse que a reclamación previa é unha institución instrumental de evitación do proceso, non unha esixencia que limite a función xurisdiccional. A prohibición de aportar ó proceso feitos que non foran ó procedemento administrativo supón xa unha limitación importante que debe relacionarse coa prohibición de introducir variacións substanciais na pretensión (artigo 72.1 LPL) e coa falta de esgotamento da vía previa como consecuencia do seu descoñecemento. Pero se esta limitación se interpreta como un mandato ó xuíz para pronunciarse unicamente sobre o motivo de denegación que se invoca na resolución administrativa, entón se invirte a relación entre vía administrativa e proceso, se subordina este a aquela coas graves consecuencias que delo se derivan dende a perspectiva do principio de legalidade, do principio "iura novit curia" e, en xeral, dos principios que rixen a carga da alegación e da proba dos feitos no proceso.

No suposto de autos non existe incongruencia entre as reclamacións administrativas previas e a demanda, pois aún sendo certo que é nesta caudo, por vez primeira, se efectúa un razoamento máis amplo dos motivos que levan ó demandante a exercitar a súa acción de impugnación, non é menos certo que, naquelas, faise mención ó núcleo da súa reclamación ó reprochar á Universidade de Vigo a vulneración da normativa convencional, a existencia de bases discriminatorias, etc..., é dicir, trátase de alegacións efectuadas, con carácter xenérico,

na vía administrativa e perante a Universidade demandada e, por elo, de xeito ningún cabe entender que se lle producera merma do seu dereito a articular a correspondente defensa en xuízo que é a finalidade da reclamación previa que non cabe interpretala como unha esixencia rigorista que cercene o dereito á tutela xudicial efectiva. Razóns que levan ó rexeitamento desta terceira excepción e que conleva, en definitiva, á análise da cuestión litixiosa no seu fondo.

SEGUNDO. Entrando a valora-lo fondo do asunto e, en aras de dar cumprida resposta ó suplico da demanda rectora, será obxecto de análise por separado todas e cada unha das pretensión, principal e subsidiarias, exercitadas polo demandante.

En primeiro lugar, a parte actora solicita a nulidade das tres Resolucións Rectorais dictadas pola Universidade de Vigo en data 02.02.01 en virtude das que se convocan, respectivamente, probas de acceso ás categorías de Técnico Especialista de Bibliotecas, Técnico Especialista de Servicios Xerais e Auxiliares Técnicos de Servicios Xerais, Resolucións de idéntico contido polo que basta a análise dunha delas para dar integra resposta á pretensión actora. Entende o demandante que tales Resolucións vulneran a normativa convencional referida no fundamento xurídico anterior, en concreto a regulación recollida nos artigos 15, 16 e 17 do Convenio Colectivo do persoal laboral das universidades públicas de Galicia que, respectivamente, regulan os supostos de mobilidade funcional, traslados e cobertura de vacantes por promoción interna e acceso libre. Pois ben, a xuízo desta xulgadora ningún dos artigos anteriores resultan de aplicación ó suposto de litis dado que, a convocatoria de probas de acceso a determinadas categorías profesionais efectuada nas Resolucións obxecto de impugnación non son máis que as normas de desenvolvemento para a execución da R.P.T. do ano 2000, é dicir, a devandita R.P.T. foi aprobada pola Xunta de Goberno da Universidade en data 20.06.00 pola que se crean novas prazas e extingue diversas categorías profesionais, delegando na Xerencia *"para dictar cantas normas e resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da presente RPT"*. É por Pacto de data 27.11.00, subscrito entre a Xerencia da Universidade de Vigo e o Comité Intercentros integrado polas Centrais Sindicais C.I.G., CC.OO. e U.X.T, cando se adoptan as medidas necesarias para executar gradualmente a RPT-2000, implanta-las categorías creadas e defínios procedementos de transformación e extinción das anteriores. Na cláusula cuarta do referido Pacto foi plasmado o seguinte acordo *"O acceso ás categorías.....producirase tralu superación do proceso selectivo que para cada caso concreto se acorde, que incluírá a superación dun curso de promoción específico e obrigatorio ou un período de formación equivalente. Nas correspondentes convocatorias só poderán participa-lo persoal laboral fixo destinado na Universidade de Vigo, das categorías declaradas a extinguir"*. A raíz de tal cláusula a Universidade de Vigo convocou probas de acceso ás categorías de nova creación a través das Resolucións Rectorais impugnadas e cuido contido se da integramente por reproducido.

En consecuencia, trátase de probas de acceso a unha nova categoría que se crea en substitución da anterior que se extingue, é dicir, non se trata nin dun proceso de cobertura de vacantes, nin por promoción interna nin de carácter libre, nin de traslado ningún nin mobilidade funcional no senso do artigo 39 do Estatuto dos Traballadores, senon única e exclusivamente dun proceso selectivo en virtude do que, superado un curso de perfeccionamento ou valorada unha formación equivalente, os traballadores dunha categoría a extinguir pasan á categoría de nova creación, proceso selectivo que non é máis que consecuencia das negociacións habidas entre a representación patronal –Universidade de Vigo- e o Comité Intercentros –persoal laboral de administración e servizos da Universidade-



MINISTERIO
DE JUSTICIA

SECRETARÍA DE ESTADO



MINISTERIO
DE JUSTICIA

, sen que, obviamente, poda aplicarse a lexislación propia da función pública cando se está a tratar de persoal laboral e non funcionario como erróneamente alega o demandante no seu escrito de demanda. Razóns que levan a outorgar plena validez e legalidade ó proceso selectivo convocado polas Resolucións Rectorais de data 02.02.01 dado que, a maior abundamento, non foi articulado medio probatorio ningún que leve ó ánimo desta xulgadora a entender que existiu algunha desviación de poder na elaboración e aprobación do proceso impugnado pois, como é sabido, a doutrina xurisprudencial ven declarando sobre este vicio que *"...no puede exigirse, por razón de su propia naturaleza, una prueba plena sobre su existencia, pero tampoco puede fundarse en meras presunciones o conjeturas, siendo necesario acreditar la concurrencia de hechos o elementos suficientes para formar en el Tribunal la convicción de que la Administración acomodó su actuación a la legalidad, pero con finalidad distinta a la pretendida por la norma aplicable"* (Sentencia da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo de 03.02.00), o que non foi verificado no suposto de litis, dado que e reiterando, as Resolucións Rectorais obxecto de impugnación non son máis que resposta e execución do pactado mediante negociación colectiva.

TERCEIRO. Rexeitada, pois, a pretensión principal compre entrar a valora-la petición de nulidade das bases 1.a, 1.b, 3.A.1, 3.A.2 y 3.b contidas nas Resolucións Rectorais obxecto de análise, todas cías de idéntico contido.

Alega o demandante a existencia de discriminación na redacción da base 1.a ó esixir como primeiro requisito para optar ás probas de acceso ostentar a condición de persoal laboral fixo das categorías a extinguir con destino definitivo na Universidade de Vigo, supoñendo tal requisito unha evidente desigualdade discriminatoria respecto ó persoal laboral temporal. Pois ben, ademais de que tal condición e requisito foi pactado expresamente na negociación colectiva plasmada na cláusula cuarta do Pacto asinado en data 27.11.00, a pretensión non merece outra nin distinta sorte que a súa desestimación xa que a excepcionalidade das situacións atendidas pola devandita base impugnada cúa limitada aplicación ós supostos nela contemplados supón e entraña o *"trato desigual a situaciones desiguales"*, non veda nin proscrib o artigo 14 da Constitución Española, tal e como proclama o Tribunal Constitucional, entre outras coincidentes sentencias de 22.06.89 e 14.02.92 e afirma o Tribunal Supremo nas súas de 31.07.89 e 14.07.92.

A base 1.b é obxecto de impugnación ó entender o demandante que a exención de titulación a que fai referencia o artigo 17.4 da norma convencional aplicable e ó que fai expresa referencia a devandita base analizada non pode resultar arbitraria, arbitrariedade que, reiterando, non alcanza a observar esta xulgadora, primeiro porque tal posibilidade e excepcionalidade é expresamente contemplada na norma convencional que, a pesar de non resultar de aplicación ó proceso selectivo impugnado dado que non nos atopamos ante promoción interna ningunha, pode desprenderse que a propia Universidade e por estricte analogía alude a tal regulación cando, a maior abundamento, resulta de todo punto lóxica tal exención de titulación por canto ó atoparse ante un proceso selectivo para acceder a prazas de nova creación e extinción da anterior, non pode esixirse titulación distinta á que permitiu ó acceso á praza obxecto de amortización.

Respecto á impugnación da base 1.c, é dicir, a consistente en esixir a superación dun curso de promoción especificamente dirixido á categoría obxecto de acceso, busca o actor a súa pretensión por entender que tal esixencia vulnera, unha vez máis, o principio de igualdade e que a selección efectúase, na súa consecuencia, de xeito totalmente arbitrario xa antes de que de comenzo o proceso selectivo. Unha vez máis compre recordar que efectivamente, para



ISTRACIÓN
USTICIA



ISTRACIÓN
XUSTIZA

realizar o ascenso do Grupo IV ó Grupo III e do Grupo V ó IV, a Xerencia da Universidade e o Comité Intercentros, acordaron organizar sendos cursos de promoción ó novo Grupo profesional, convocados por Resolucions Rectorais de datas 03/10, 09/10 e 23/10 do ano 2000, Resolucions Rectorais que, dito sexa de paso, non foron obxecto de impugnación no seu día. Tales cursos de adaptación e perfeccionamento non solamente foron negociados coa representación dos traballadores senon que, a maior abundamento, realizados con anterioridade á convocatoria do proceso de selección, a súa inclusión como requisito obrigatorio para acceder ás categorías de nova creación tamén responde á negociación coa representación dos traballadores -Claúsula cuarta do Pacto de 27.11.00- o que, dende logo, dista moito de considerar arbitraria, discriminatoria e desviada a decisión recorrida. Razóns que levan a rexeitar este motivo de impugnación.

Respecto á impugnación da base 3.A, erróneamente, o demandante basea a súa pretensión por entender vulnerada unha normativa que non resulta de aplicación ó suposto de litis, cal é o Decreto 93/91, de 20 de marzo, Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, regulador de certos aspectos de acceso á función pública e que, dado que nos atopamos ante as condicións laborais propias do persoal laboral, tal regulación non é aplicable e por ende, os razoamentos en que o demandante basa a súa impugnación carcece de virtualidade na presente vía xurisdiccional social.

Por último, volve o demandante a alegar a vulneración de normativa funcional en relación á composición da Comisión de Avaliación e a normativa convencional, no seu artigo 16, pois ben, en aras de evitar constantes reiteracións, non nos atopamos ante persoal funcional, senon laboral e non nos atopamos ante proceso ningún de acceso a categorías a través dos procedementos regulados na normativa convencional nos seus artigos 15, 16 e 17 polas razóns esgrimidas con anterioridade polo que, en resumo e na súa consecuencia, non resulta vulnerada a regulación legal alegada polo demandante por canto non resulta de aplicación ó suposto de litis.

En consecuencia, esta xulgadora considera axustadas á dereito, á negociación colectiva e, en conclusión, á legalidade, todas e cada unha das bases cuxa impugnación, por nulidade, é pretendida polo demandante.

CUARTO. Respecto ós defectos formais que o actor achaca ás Resolucions Rectorais de data 02.02.01 contidas e expresadas no feito sexto da súa demanda rectora e que se da íntegramente por reproducido, basta con manifestar, novamente que tales defectos formais derivanse da consideración por parte do demandante de que nos atopamos ante un proceso de cobertura de vacantes regulado na normativa convencional, cando, tal e como reiteradamente ven razoándose, non é tal o proceso selectivo obxecto de impugnación, senon simplemente trátase de que os traballadores dunha categoría a extinguir pasen a unha categoría de nova creación a través dun proceso selectivo que inclúe un curso de adaptación o que, en lóxica consecuencia, leva a que non exista un número de vacantes determinado, nin un número de prazas a cubrir, nin a posibilidade de reservar un número de tales prazas a minusválidos, etc..., é dicir, non foron propostas prazas de nova creación cuxa cobertura fora necesaria, pois ó proceso selectivo obedeceu a unha promoción profesional dos efectivos existentes pois, tanto antes como despois da celebración do devandito proceso o número de traballadores segue sendo idéntico e iso non é máis que indicativo da inexistencia de prazas vacantes, dado que superado o proceso selectivo as antigas prazas foron amortizadas ou extinguidas.



MINISTERIO DE
JUSTICIA

SECRETARÍA DE



MINISTERIO DE
JUSTICIA

Por último, alega o demandante a nulidade do Pacto asinado en data 27.11.00, do que devén a convocatoria das probas de acceso obxecto de análise, se ben, tal Pacto non consta fose impugnado en tempo e forma legais polo demandante polo que a súa legalidade e virtualidade non pode ser, no presente procedemento, obxecto de análise ningunha.

En consecuencia, non cumprindo o demandante os requisitos esixidos para a súa participación no proceso selectivo convocado a medio das Resolucións Rectorais de data 02.02.01, dado que nin sequera no acto do xuízo oral articulou medio probatorio ningún tendente a probar tal feito, non pode esta xulgadora estimar a última das pretensións actoras no senso de que se lle exima do cumprimento dos requisitos esixidos na base primeira das devanditas Resolucións dado que, declarada a validez e legalidade das mesmas, compre recordar que, segundo ven establecendo a xurisprudencia, as bases para concursar á provisión de postos de traballo son lei entre as partes (STS 14.06.91), ocasionando unha vinculación entre os concursantes, o tribunal de selección e o organismo convocante que lles obriga ó seu cumprimento, é dicir, as bases dun concurso constitúen a Lei. Por outra banda, os Tribunais de Xustiza non poden substituír a función dos Tribunais calificadoros, senon que a súa misión é propiamente controlar a legalidade procedimental dos exercicios, o seu axuste ás bases da convocatoria, ó cómputo de méritos e, eventualmente, evitar a arbitrariedade ou desviación de poder, e a revisión desa actuación, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional, refírese á conformidade coas normas que regulan a súa actuación. Legalidade que foi controlada e considerada axustada a dereito por esta xulgadora, polo que, en consecuencia, procede rexeitar todos e cada un dos pedimentos contidos no suplico da demanda rectora e, na súa consecuencia, rexeitar integramente tal pretensión.

QUINTO. Respecto a ampliación da demanda efectuada en data 14.09.01 e dirixida contra D^a. Adelaida Casal Covelo solicitando a nulidade da Resolución Rectoral de data 13.06.01 en virtude da que a codemandada supera o proceso selectivo de acceso á categoría de técnicos especialistas de biblioteca, o demandante impugna tal resolución manifestando, en síntese, que a Sra. Casal Covelo non cumpre os requisitos contidos na base primeira das Resolucións Rectorais de data 02.02.01, é dicir, non superou o curso de promoción especificamente dirixido á categoría de auxiliares técnicos da Universidade de Vigo toda vez que non figurou na relación de aspirantes que a Comisión de Avaliación nomeada ó efecto fixo publica en data 02.02.01. Efectivamente, a través da Resolución Rectoral de data 09.10.00 convocouse un curso de promoción para o acceso á categoría de técnicos especialistas de biblioteca dirixido ós auxiliares técnicos de bibliotecas con contrato de duración indefinida, destinados na Universidade de Vigo que a Sra. Casal Covelo non superou no seu momento. Agora ben, tamén é certo que en data 20.03.01 o xerente da universidade de Vigo comunicou á actora o acordo adoptado coa Comisión Intercentros de establecer, con carácter excepcional e co único obxectivo de facer efectiva a relación de postos de traballo do PAS laboral, a extinción de categorías e as posibilidades de promoción profesional, coa conformidade da propia interesada, un sistema de valoración a través do que foron avaliados os seus coñecementos, destrezas e aptitudes, centrado sobre o contido do curso anteriormente mencionado, de tal xeito que, obtida unha avaliación favorable, considerárase equivalente á superación do devandito curso de promoción, séndolle, en consecuencia, de aplicación o proceso selectivo convocado por Resolución Rectoral de 02.02.01.

É, precisamente, a través da Resolución Rectoral de data 13.06.01, obxecto de impugnación, pola que se acorda, á vista da proposta elevada pola comisión de avaliación, declarar que D^a. Adelaida Casal Covelo superou o proceso selectivo. Dado que a Sra. Casal Covelo obxecta uns coñecementos, destrezas e aptitudes que foron avaliados favorablemente

pola Comisión de Valoración e que tal sistema de valoración, pactado co Comité intercentros, considerouse equivalente ó curso de adaptación, é evidente que a codemandada cumpriu íntegramente cos requisitos cxisidos na base primeira da Resolución Rectoral de data 02.02.01 e, por ende, a Resolución Rectoral de data 13.06.01 é axustada á legalidade e ás bases contidas na R.R. de 02.02.01.

Razóns todas elas que levan ó rexeitamento íntegro, tanto do escrito de demanda, como do escrito de ampliación á mesma.

VISTOS os preceptos legais citados e de xeral aplicación,

D E C I D O: Rexeitando a demanda interposta por **D. JOSE ANDRES ZAPIRAIN FERNÁNDEZ**, contra a **UNIVERSIDADE DE VIGO**, **D. MANUEL MEJILDE MARTINEZ** e 74 máis, absolve a estes demandados de tódolos pedimentos da demanda.

Notifíquese a presente resolución ás partes, prevíndoas de que contra a mesma cabe **RECURSO DE SUPPLICACIÓN** perante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de **CINCO DÍAS**, conforme o dispoñen os artigos 192 e seguintes da Lei de Procedemento Laboral.

Así por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo.

